

COMISIÓN DE PERSOAL EXTRAORDINARIA: RPTs: CIM, AXI e CEU CONCURSO TRASLADOS ESCALA PERSOAL ESTADÍSTICO

Santiago de Compostela 05/04/2022

Onte realizouse virtualmente, non sen problemas de conexión, unha Comisión de Persoal Extraordinaria co obxecto de tratar as modificacións nas RPT das consellerías de Infraestruturas e Mobilidade, de Cultura, Educación e Universidade e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). As bases do concurso de traslados de estatísticos completou a orde do día da referida xuntanza.

UGT posicionouse a favor, xunto co resto de OOSS representadas (CIG, CCOO e CSIF) das RPT(s) da consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Axencia Galega de Infraestruturas.

Son varios os motivos que xustifican o noso voto favorable que van desde a boa disposición por parte das persoas representantes da Consellería na negociación a facilitar tanta información lle foi solicitada así como a inclusión de melloras na súa proposta inicial a instancias das alegacións presentadas polo noso Sindicato.

Non tivemos o mesmo éxito na negociación, e de feito **denunciamos o proceder das persoas responsables de xestionala, na RPT da consellería de Cultura, Educación e Universidade**. Desde UGT puxemos de manifesto, **o nulo interese por parte da consellería de chegar a ningún tipo de acordo**. Unicamente, e por imperativo legal, fomos convocadas ás xuntanzas previas.

Seguiremos, iso si, reivindicando a modificación dos rateos de aplicación ao persoal non docente, en vigor a través dunha Circular do ano 1994. É inasumible, aínda que por responsabilidade co conxunto das persoas traballadoras nos sentamos a negociar esta modificación parcial de RPT, manter uns criterios ditados hai case 30 anos que afectan de xeito singular ao desempeño laboral do colectivo do persoal de cociña e limpeza respectivamente.

O resultado da votación da modificación da RPT CEU foi o seguinte:

En contra: UGT, CIG e CSIF

Abstención: CCOO

O sentido do voto nas **bases do concurso de traslados de estatísticos** foi **abstención**, motivado fundamentalmente en que non se recolleron a maioría das alegacións presentadas por **UGT**, como por exemplo a non esixencia de permanencia no posto para o persoal que ocupe postos provistos en libre designación, ou o regulado ao respecto da distancia dos trinta quilómetros para o persoal que se atope ao dispor do órgano competente, que está obrigado a participar. Recolleuse a nosa proposta de tomar en consideración o regulado na Lei de impulso demográfico aos efectos de sinalar os fillos e fillas ou persoas acollidas menores de idade ou fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente, no punto 4 da base III, sobre as solicitudes de participación no concurso e documentación que debe acompañala.